

## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 19/02/1960

**Colección:**

**Data:** 19/02/1960

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Domingo García-Sabell;

**Orixe:**

Basilea (local), Basilea-Cidade (cantonal), Suíza (nacional)

**Destino:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*As cicatrices; Doce apóstolos*, de Zurbarán; Artes; Artes visuais; Exposición de Luís Seoane. Berna. 1961;

**Mencionados:**

Francisco Fernández del Riego; Nuño Gonçalves; Ramón Piñeiro; Maruxa Seoane; Elena Tormo; Francisco de Zurbarán;

---

## Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 19/02/1960

Basilea, 19 de Febrero de 1960

Sr. D.

Domingo García Sabell  
Santiago de Compostela

Meu querido amigo:

Supoño terás recibido dende Lisboa os meus derradeiros libros, El Irlandés astrólogo e As Cicatrices. Alí estíven catro días de paso pra Suiza pra poder ver con vagar o políptico, que xa coñecía, de Nuño Gonçalves, e os doce apóstoles de Zurbarán, os dous grandes extremeños, ben xunguidos o segundo ao primeiro aínda

que non se tivesen falado delo. E dende fai vinte días a nosa vida discurre entre Basilea a Zurich, preocupado pol-as exposicións miñas que terán de facerse nesta primeira cidade e Berna, e de museo en museo, que son, nestas dúas cidades, notábel.

Non escribín dende Buenos Aires por unha folga de correos que durou un mes. E alá deixei pra enviar ao meu regreso unha grande carpeta de grabados en madeira, pra tí, Piñeiro e Del Riego, que pol-o seu peso, viña carregado de cadros, non poiden traer conmigo. As miñas cousas van eiquí moi ben. Gosta moito a miña pintura y (sic) estou contento. Gostaríame saber de todos vos, ao millor é posíbel que nos vexamos. Teño verdadeiras ganas de que isto fose posíbel. Mándame algunha noticia. Estaremos eiquí hasta fin de mes. Hoxe tamén escribo a Del Riego. Non sei ren de Galicia dende fai mais de dous meses.

Saúdos de Maruxa e meus pra Elena e pra tí, saúdos pros amigos comúns, e ti recibe unha aperta forte de:

Seoane.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.